



NORMAS XERAIS TEMPADA 2018-2019

1. CATEGORÍAS FEDERADAS PARA A TEMPADA 2018/2019

FEDERADAS: RFEA/FGA		DEPORTE ESCOLAR	
Sénior	Nados/as en 1996 ata máster		
Sub23	Nados/as en 1997, 1998 e 1999		
Sub20	Nados/as en 2000 e 2001		
Sub18	Nados/as en 2002 e 2003		
Sub16	Nados/as en 2004 e 2005	Sub16	2004 e 2005
Sub14	Nados/as en 2006 e 2007	Sub14	2006 e 2007
Sub12	Nados/as en 2008 e 2009	Sub12	2008 e 2009
Sub10	Nados/as en 2010 e 2011	Sub12	2010 e 2011
Máster	⇒ Homes/mulleres: Dende que cumpran 35 anos.		

2.- NORMAS DE PARTICIPACIÓN

- Para poder participar en calquera competición oficial de atletismo será condición indispensable estar en posesión da licenza federativa regulamentaria correspondente e sempre que non exista, sobre o titular da mesma, sanción dalgunha clase na data tope fixada para a inscrición.
- Será necesario, nas competicións que o esixa o seu regulamento, ter realizado as marcas mínimas establecidas segundo as probas e categorías. Non serán admitidas aquelas marcas conqueridas cun vento descoñecido ou superior ó regulamentario.
Todos os atletas haberán de acreditar algunha marca, ben na proba en cuestión ou en proba similar.
Non se admitirá a ningún atleta que non poida achegar algunha marca, agás nos casos seguintes:
Pista Cuberta: Atletas con marca rexistrada sempre que non se chegue á cota establecida segundo o tipo de competición:
 - Concursos: até un máximo de 12 atletas. Este número poderá ser reducido a 8 nos casos en que o cumprimento do horario así o esixa debido a particularidades da competición ou da instalación. Na altura e pértiga en caso de



repesca de atletas sen mínima (pero sempre con marca acreditada), a altura inicial non será nunca menor que a peor das marcas dos atletas repescados.

- Carreiras por rúas: Probas centrais até un máximo de 12 (instalación con 6 rúas); 16 (instalación con 8 rúas) e probas de anel até un máximo de 8 (instalación con 4 rúas) e 12 (instalación con 6 rúas).

- Resto de carreiras: até un máximo de 10 atletas

Si se dera o caso de que coincidise o número de atletas con marca mínima coas necesarias para unha final directa (dependendo do número de rúas da instalación) programaríase unha final directa e unha serie B para o resto de atletas admitidos (agás nas probas de 50, 60, 50v e 60v que, no caso, de que todos os atletas estivesen de acordo manteranse as semifinais na hora programada.

Aire Libre:

- **Concursos:** até un máximo de 12 atletas. Este número poderá ser reducido a 8 nos casos en que o cumprimento do horario así o esixa, debido ás particularidades da competición ou da instalación. Na altura e pértega en caso de repesca de atletas sen mínima (pero sempre con marca acreditada), a altura inicial non será nunca menor que a peor das marcas dos atletas repescados.

- **Carreiras por rúas.** Até un máximo de 16 *

- **Resto de carreiras:** Até un máximo de 12 atletas en probas até 800, 15 en probas superiores a 800 metros *

* (Non sendo obrigatoria chegar ata este número)

Si se dera o caso de que coincidise o número de atletas con marca mínima coas necesarias para unha final directa (dependendo do número de rúas da instalación) programaríase unha final directa e unha serie B para o resto de atletas admitidos (agás nas probas de 100, 100v e 110v que, no caso, de que todos os atletas estivesen de acordo manteranse as semifinais na hora programada.

- **Fondo.** A FGA poderá admitir atletas que participen en probas de campo a través e que se considere poidan obter rexistros acordes coa marca mínima esixida. En ningún caso admitiranse atletas sen marca mínima cuxa marca acreditada supoña un atraso no desenvolvemento da competición, non aplicándose os supostos anteriores.

Terán prioridade os atletas da categoría do campionato pero no caso de non chegar ós mínimos establecidos autorízase a participación de atletas doutras



categorías sempre e cando exista coincidencia legal coas súas probas e non supoña retraso no desenrolo da competición. A participación de atletas doutras categorías en ningún caso quitará posto, por exemplo, no pase à mellora dos concursos ou finais por rúas ós atletas da categoría respectiva do campionato.

Excepcións:

- Cando se celebren conxuntamente campionatos en que coincidan dúas ou mais categorías o pase à mellora en este tipo de campionatos será:

- 2 categorías en competición: 8 millores marcas e polo menos 4 atletas de cada categoría

- 3 categorías en competición: 8 millores marcas e polo menos 2 atletas de cada categoría

- 4 categorías ou mais en competición: 8 millores marcas e polo menos 1 atleta de cada categoría

- Todas estas normas non serán de aplicación no Campionato de Galicia Absoluto de Aire libre no que se tratará independentemente cada caso.

En calquera caso o Comité Técnico da FGA ten a potestade de admitir un número maior de atletas ata cubrir series ou noutros casos que considere xustificado ou non chegar ós mínimos se considera oportuno.

3. Tódolos/as participantes en calquera competición oficial, incluídas as carreiras en ruta deberán intervir coa equipación oficial do seu Club, agás os dos clubs filiais que poderán empregala súa propia equipación independentemente de poder facelo coa equipación do club do cal son filiais. En tódolos casos, incluídos os/as atletas independentes deberán seguir a normativa RFEA de publicidade. O Xuíz Arbitro, de acordo co organizador, poderá impedir a participación a aqueles/as atletas indebidamente equipados.
4. En aquelas competicións que se disputen en pistas de material sintético, quedan obrigados os atletas que compitan con zapatillas de clavos, a que os mesmos non sobrepasen as medidas recollidas no regulamento da IAAF.
5. Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, agás nos saltos que poden levar por diante ou por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ser motivo de descualificación. Nas probas de marcha a organización facilitará dous dorsais a cada participante. Será



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

6. Non será necesario a confirmación das probas nas que desexe participar, agás naquelas competicións que a FGA estime oportuno e que se indicarán con antelación.

5. Nas competicións que dispoñan de cámara de chamadas será obrigada a presentación na mesma, debidamente acreditados mediante licenza, D.N.I. ou calquera outro documento con foto, incluídos os que figuran en plataformas informáticas, dentro dos prazos estipulados, para poder participar. A organización poderá aceptar atletas fora do prazo por razóns xustificadas podendo entón ser autorizado a participar:

- En carreiras, sempre que non terminase a fase correspondente.
- En concursos: en calquera momento da competición (sen que este feito supoña ningún trastorno ao desenvolvemento do mesmo

HORARIO TIPO DE SAÍDA A PISTA TRALA PRESENTACIÓN CÁMARA DE CHAMADAS (Poderá ser modificado e comunicada por circular en cada competición)

Carreiras: 5min antes da hora oficial da proba

Carreiras valadas: 10min antes da hora oficial da proba

Concursos (agás pértega): 20min antes da hora oficial da proba

Pértega: 35min antes da hora oficial da proba

- Entrada en Cámara de chamadas, ata cinco minutos antes da saída oficial a pista.
- Agás nas competicións onde se publike e circule un horario completo de Cámara de chamadas
- Os/as atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non podrán saír ca camiseta na man ou gardada. Deberán permanecer ca camiseta posta durante toda a competición.

6. En calquera momento o/a Xuíz/a Arbitro da competición, ou calquer outro organizador cualificado para elo poderá solicitar a identificación dos participantes.



7. O longo do transcurso dun campionato, un/a atleta será excluído/a de participar nunha ou varias probas no caso de que téndose clasificado nas eliminatorias ou series non participe na seguinte, ou ben tendo confirmado a súa inscrición, non participe sen dar unha razón válida agás casos autorizados directamente polo organizador.
8. Os atletas fichados por un club galego, que non teñan ficha dilixenciada pola FGA poderán participar nos Campionatos de Galicia cuxo regulamento o permita pero non poderán proclamarse campións de Galicia ni terán acceso a medalla oficial si se clasificaran en postos que deran dereito a elo. En ningún caso poderán quitar praza na mellora ou final correspondente a outro atleta.
 - *No Campionato de Galicia Absoluto de Pista Cuberta e Aire Libre podrá admitirse a participación de atletas de fora da comunidade con un nivel mínimo acreditado de 900 puntos (tabla IAAF). En carreiras por calles, accederán à final B. Nos concursos só pasarán à millora se non quitan praza ós/às atletas galegas. A participación máxima será de 2 atletas por proba, agás casos autorizados polo comité técnico.
9. O número máximo de atletas estranxeiros/as que cada club pode alinear en cada un dos campionatos de Galicia de clubs ou fase autonómica verá estipulado pola normativa RFEA vixente ao respecto. Nas competicións nas que participen mais atletas estranxeiros/as dos permitidos para puntuar deberá especificarse cal de eles puntúa.
10. O número máximo de atletas que cada Club pode aliñar en cada campionato e proba virá especificado en cada un dos regulamentos específicos.
11. Nas competicións por clubs, calquera club que incumpra a normativa do campionato será descualificado.
12. Nos campionatos por clubs que non se cubran as prazas, admitiranse por estadiño tantos clubs (que non cubran tódalas probas) coma prazas valeiras. Os devantidos clubs poderán non cubrir tódalas probas e non terán puntuación final (respectando a normativa de participación). Por



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

acordo de Asamblea non se permite a participación de atletas fora de concurso.

13. Nas competicións de pista ó aire libre ou pista cuberta que esixa clasificación por clubs, os empates a puntos resolveranse a favor do club que obtivera maior número de primeiros postos. De persistir o empate terase en conta o número de segundos postos e así sucesivamente. Si finalmente non se poda desfacer o empate por este sistema, recurrirase á mellor marca por táboa IAAF.
14. Durante a celebración de calquera competición oficial poderán permanecer na pista tan só os membros do Xurado, os/as atletas que estean participando nalguna proba e aquelas persoas autorizadas pola organización. No caso das probas de atletas sub10, sub12 e sub14 admitirase un/a responsable do club por categoría e sexo.
15. Se nalguna das probas nas que estea previsto realizar series clasificatorias, non se presentaran a confirmar un número mínimo preciso para a súa realización, suspenderase a celebración das mesmas disputándose a seguinte fase á hora prevista agás que os/as participantes acorden por unanimidade o contrario.
16. En tódalas carreiras, a confección de series na primeira rolda realizarase en función dos rexistros que posúan os atletas na presente tempada ou, no seu defecto, en relación a tempada anterior, asignándose as rúas por sorteo conforme ó programa da RFEA.
17. Antes da saída, comunicarase ós/ás participantes o sistema de clasificación (decidida pola organización) para a seguinte rolda en caso de que a houbese.



18. O número máximo de probas nas que poderá tomar parte un atleta vira especificado no seu regulamento. A FGA poderá conceder permiso para aumentar este límite a aqueles/as especialistas en Probas Combinadas que xustifiquen a súa petición, sen dereito a medallas e especificando con anterioridade en que probas opta á medalla. En caso de estar inscrito/a en máis probas das autorizadas, eliminarase a inscrición da proba na que está peor clasificado/a na lista de inscritos/as.
19. O Comité Técnico da FGA reservarase o dereito de admitir a participación de atletas con licenza FGA que considere de interese a súa intervención e non teñan obtido a marca mínima solicitada en calquera campionato. Nestes casos o/a atleta autorizado terá lexitimidade para acceder ás medallas e xerar puntos para o seu Club, si existira clasificación por equipos.
20. O Comité Técnico reservarase a posibilidade, previa petición do interesado/a, de admitir a participación de atletas non galegos/as e non afiliados/as à FGA de recoñecido nivel nos diferentes campionatos de Galicia. Nestes casos non poderán acceder ás finais nen a mellora sempre e cando quiten posto a un/a atleta con dereito a campionato.
21. Nas categorías sub10 e sub12 non é obrigatorio o uso de tacos nin saída en posición agachada, nin se usará anemómetro. Asemade nestas categorías, admitirase unha saída nula por serie.
22. Na categoría sub14l a saída debe realizarse con 4 apoios (con ou sin tacos) e non se permitirá ningunha saída nula sendo preciso a utilización de anemómetro nas carreiras e nos saltos horizontais.
23. Nas saídas, nos casos en que claramente os tacos utilizados por algún/a atleta, non estean ben anclados por mor o estado da instalación e do material, e no momento da saída desprazense, perxudicando o/a atleta, o



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

equipo de saídas deberá invalidar a mesma e proceder a unha nova. Si a protesta é con a proba finalizada, é posible autorizar ó/á atleta perxudicado/a a participar nunha serie posterior, se a houbese, ou nunha serie extra, sin ter que repetir a proba ó resto de atletas.

24. As probas mixtas son autorizadas sempre que:

- a. Non haxa máis de cinco atletas inscritos dun xénero e seis atletas en carreiras de 1500m ou superiores.
- b. Nos lanzamentos e saltos verticais os/as xuíces decidirán a orde de actuación co fin de facilitar as medicións e control dos artefactos.
- c. No caso de saltos verticais, os artigos 181 a 183 deben ser rigorosamente cumpridos, incluíndo que o listón debe seguir sendo elevado cunha única cadencia, acordada para toda a competición.
- d. Para as competicións mixtas, utilizaranse follas de resultados separadas e os resultados serán publicados por separado para cada xénero. Para as carreiras, o xénero de cada atleta indicárase nos resultados.
- e. As competicións mixtas en carreiras non se realizarán, en ningún caso, para que os atletas dun sexo se lles marque o ritmo ou sexan axudados polos atletas do outro sexo.

3.- NORMAS DE INSCRICIÓNS

1. Os Clubs deberán tramitar na Federación Galega de Atletismo as inscricións dos/as atletas en aquelas competicións autonómicas onde foran a intervir. As inscricións realizaranse a través do sistema on line na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>). Non se admitirán as inscricións por teléfono.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

2. Será responsabilidade dos clubs o introducir as inscricións nos prazos establecidos. Nos campionatos de Galicia publicarase a lista de admitidos á finalización do prazo de inscrición. Todos/as aqueles/as atletas que non introduzan ningunha marca legal, na proba na que queren participar, ou nalgunha similar, figurarán por defecto como NON ADMITIDOS. Se abra un prazo para que se facilite dita marca.
3. O límite establecido para a recepción de inscricións na Federación Galega será o que se estableza en cada normativa particular do campionato. Unha vez pechado o prazo de inscrición no se admitirá a participación de ningún/a atleta, agás erro ou omisión administrativa detectada.
4. O incumprimento de calquera das normas de inscricións levará implícita a non admisión das mesmas para a competición da que se trate.

4.- NORMAS DE COMPETICIÓN

Para que unha competición sexa recoñecida como oficial pola Federación Galega de Atletismo e os seus resultados sexan homologados, compre:

Que figure no Calendario da FGA da presente Tempada.

Que se teña recibido, cunha antelación mínima de 10 días á súa celebración, na sede da Federación Galega de Atletismo o Regulamento da competición, para que poda ser aprobado, agás autorización expresa do Comité Técnico da FGA por motivos sobranceiramente xustificadas. Posteriormente a Federación Galega informará ó resto das súas Delegacións as cuestións técnicas da mesma (horarios, categorías, probas, mínimas, etc). Asemade, a proposta do Comité Técnico poderá programarse unha proba con carácter excepcional en calquera competición.

Que o Xurado estea composto por membros do Comité Nacional ou Galego de Xuíces.



Que coma mínimo estean programadas e se compita en tres probas, con tres atletas coma mínimo en cada unha delas, agás os relevos que poderán participar dous equipos; competicións de máster (2 ó 1 atleta únicamente). Quedan exentos de esta normativa tódolos Campionatos de Galicia, nos que se aceptarán como válidas tódalas marcas, independentemente do número de participantes.

5.- RESPONSABILIDADES DOS ORGANIZADORES

Aquelas Delegacións, Clubs ou outras Entidades designadas pola Xunta Directiva para organizar conxuntamente coa FGA unha competición ou campionato deberán ter en conta as seguintes consideracións e obrigas:

A). A Federación Galega de Atletismo, como máximo órgano responsable da práctica atlética no eido xeográfico galego, asume as máximas competencias organizativas en aqueles campionatos que abranguen a súa propia actividade, reservándose o dereito de intervir, se o estimase preciso, de acordo á regulamentación.

B). A organización conxunta ca FGA de calquera campionato ou Competición, implicará para o organismo designado (Delegación, Club ou outras Entidades) as seguintes responsabilidades:

1. Prever, reservar e obter os permisos precisos para o emprego da pista ou circuíto onde acontecerá a competición.
2. Supervisar que a instalación ou circuíto estea en condicións axeitadas para a práctica atlética. No caso contrario, solventar as deficiencias observadas. O V.B. dos mesmos deberá terse realizado, definitivamente, polo Comité Técnico da FGA.
3. Dispor do material preciso, deportivo ou doutra índole, para desenvolver con normalidade a competición. Facilitar a cada participante os dorsais regulamentarios.
4. Satisfacer as necesidades de persoal, material, instalación e gastos que lle indique o representante local do Comité Galego de Xuíces.



5. Instalar unha megafonía que facilite a información ó longo da competición.
6. Contar co persoal preciso para atender: as mesas de confirmación, servizo de megafonía, servizo de campo e persoal de secretaria. En este caso as persoas encargadas da secretaría de competición en probas en pista deberán estar capacitadas para utilizar con solvencia e axilidade o programa oficial de resultados da RFEA, co fin de non retrasar o desenvolvemento da competición nin o protocolo de medallas.
Tambén deberán contar con un lugar para a exposición dos resultados a medida que se vaian producindo, para facilitar as posibles reclamacións ós mesmos.
7. Ó rematala competición publicárase na web da F.G.A. os resultados provisionais e pendentes da súa comprobación. O Comité de Xuíces e/o os organizadores, revisarán os resultados para correxir tanto erros de transcripción ou de aplicación de regulamento e solicitar a rectificación dos mesmos. Ata ese momento non se considerarán como definitivos.
8. Prever un Servizo Médico ó longo da competición, que poderá intervir, en primeira instancia, ante a posibilidade de que se produza calquera lesión.
9. Que a instalación onde se desenvolva a competición ou circuíto dispoña dun seguro de responsabilidade civil.
10. Cando corresponda xestionar a compra e entrega de medallas ós/as tres primeiros/as atletas clasificados, en campionatos individuais, e/o trofeos ós tres primeiros equipos sempre que no campionato houberse clasificacións por Clubs.

6. NORMAS A SEGUIR ANTE UNHA RECLAMACIÓN

1. As reclamacións relativas a resultados ou cuestións que xurdan durante o desenvolvemento dunha proba deben presentarse sen dilación, non máis tarde de 30 minutos despois de terse publicados oficialmente os resultados da devandita proba, agás erros administrativos. O Organizador da competición será



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

responsable de que se rexistre a hora da publicación de todos e cada un dos resultados.

2. Toda reclamación deberá formularse en primeira instancia verbalmente ó/a Xuíz Árbitro, por un/a atleta, por outra persoa que actúe no seu nome ou por un oficial representando a un equipo. Esta persoa debe actuar de boa fe na(s) proba(s) en cuestión.

Para chegar a unha xusta decisión, o/a Xuíz Árbitro considerará calquera evidencia dispoñible que crea necesaria, incluída unha película ou foto producida por unha gravadora de vídeo oficial ou calquera outra evidencia de vídeo dispoñible. O/a Xuíz Árbitro pode decidir sobre a reclamación ou someterá ao Xurado de Apelación, se estivera constituído.

Se o/a Xuíz Árbitro non está accesible ou dispoñible, a reclamación deberá facerse por intermedio da Secretaria de Competición.

1. Unha reclamación ó Xurado de Apelación será feita dentro dos trinta minutos:

- (a) que seguen ao anuncio oficial do resultado modificado dunha proba segundo decisión do Xuíz Árbitro
- (b) que seguen á notificación ás persoas que protestan cando non implique modificación do resultado.

A reclamación farase por escrito, debendo ser asinada por un Oficial responsable en nome do/a atleta ou do equipo e deberá estar acompañada dun depósito de 50 €.

No caso de que a reclamación fora desestimada os reclamantes perderán a cantidade depositada.

7.- DEREITO A PODIUM NOS CAMPIONATOS GALEGOS

Segundo aprobou a Asamblea Xeral o 10 de febreiro do 2007, admitiranse como medallistas nos Campionatos de Galicia a todos aqueles/as atletas non galegos/as que cumpran as seguintes condicións:

- a. Ter ficha como mínimo nas últimas tres tempadas (incluída a actual)
- b. Estar censados nalgún concello galego



c. Ter licenza pola FGA

- Os/as atletas estranxeiros/as sub20 en diante que non estean nacionalizados/as en España non poderán optar ós premios nos campionatos de Galicia.
- No cuadro, se resumen mostranse as opcións en relación a dereito podium e pase à millora:

	DEREITO A PODIUM	PASE À MILLORA
Atletas españois non galegos pertenzentes a clubs galegos e sin licenza galega	NON *Agás ter ficha como mínimo nas últimas tres tempadas (incluída a actual) ou estar censados nalgún concello galego	NON
Estranxeiros clubs galegos	NON *os atletas estranxeiros ata a categoría sub20 si podrán optar a podium	SI
Atletas sen licenza FGA	NON	NO <u>* non poderán acceder ás finais nen a mellora sempre e cando quiten posto a un atleta con dereito a campionato</u>

8- PUBLICIDADE DOS SPONSORS OFICIAIS NOS CAMPIONATOS

Cada delegación con responsabilidade de organizar algún campionato oficial ou competicións relevantes, segundo criterio da FGA, deberá amosar os logos corporativos, texto ou calquera outro referente que se estime



oportuno do patrocinador ou dos patrocinadores oficiais da FGA para a presente tempada.

Todo elo quedará impreso e recollido na publicidade escrita dos devanditos eventos, independentemente de que podan existir outros medios de difusión (TV, radio...) dos que se determinará unha regulación específica.

9.- NORMATIVA DO VESTIARIO DA SELECCIÓN GALEGA

1. Para poder recibir material da FGA compre ser seleccionado pola FGA, para calquera evento ao longo da tempada 2018/2019 que figure no calendario oficial nacional ou internacional.
2. O material ou indumentaria deportiva que entrega a FGA de atletismo é a distinción oficial da Selección de Galicia, sexa polo tanto de identidade atlética desta federación a nivel autonómico.

O material oficial estará composto da seguinte indumentaria: un chandal, e ropa de competición (*) Poderase ampliar a vestimenta dependendo das xestións relacionadas para tal fin

3. A Federación Galega de Atletismo comprométese a dotar a cada integrante da Selección Galega de Atletismo do material regulamentario especificado no artigo 3.
4. O período de vixencia do devandito material será de catro anos.
5. Cada atleta comprométese a empregar o material só en aquelas competicións oficiais nas que compita coa Selección Galega ou en aqueles eventos que así o indique a propia FGA.
6. En cada acto protocolario de entrega de medallas ou trofeos, será obrigatorio acudir coa uniformidade oficial da selección galega non podendo substituírse dita uniformidade por outra distinta. Da mesma maneira, e se así se decidira polo delegado ou responsable oficial da expedición, farase emprego da mesma naqueles actos oficiais, protocolarios, de publicidade, etc nos que participara a selección galega.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

7. O material non se poderá manipular, mantendo ben visibles e sen alterar os distintivos do/s patrocinador/es oficial/is da FGA, non podendo engadir ningún outro logotipo ou sinal.
8. Cada atleta velará polo bo emprego e estado do material que en ningún caso reemplazarase antes do tempo de vixencia agás casos moi excepcionais perfectamente xustificados.
9. Cada atleta deberá cubrir e entregar unha ficha de recepción de material cada vez que o reciba aceptando as cláusulas estipuladas para o emprego da indumentaria.
10. No caso de que un atleta non cumprira o punto anterior poderá (se así o desexa) adquirir a indumentaria previo pago do importe do seu valor.
11. Recoméndase a retirada do material días antes do evento que requira o seu uso para unha maior comodidade tanto por parte do atleta como dos Delegados responsables do seu reparto.

10- NORMAS FINÁIS

Tódolos Clubs e atletas participantes así como os/as xuíces encargados do seu control, polo feito de facelo, aceptan o regulamento de cada competición.

As normas particulares correspondentes as competicións co-organizadas pola FGA serán difundidas mediante circular. En caso de conflito terá prioridade a información publicada en esta.

Todo o non previsto nestas Normas Xerais e nos oportunos Regulamentos-Convocatorias, e similares, axustarase ó establecido nesta orden, pola F.G.A., a R.F.E.A. e no Regulamento Internacional da I.A.A.F.